# NEGRO CARAVEL MALDITO

(slow rock)

Letra de Rosalía de Castro
Música: Rafael Dovalo

Guión melódico



Quíxente tanto meniña
tívenche tan grande amor
que para min eras lúa
branc'aurora e craro sol.

Auga limpa en fresca fonte
rosa do xardín de Deus
alentiño do meu peito
vida do meu corazón.

(Refrán)

***Así che falín un día
camiñiño de San Lois
todo oprimido de angustia
todo ardente de pasión.***

***Mentras que ti me escoitabas
depinicando unha flor
porque eu non vise os teus ollos
que refrexaban traición.*** (Orquesta)

Despois que ti me dixeches
en proba do teu amor
décheme un caraveliño
que gardín no corazón.

(Refrán)

***¡Negro caravel maldito
que me firéu de dolor!
Mais a pasar polo río
o caravel afondou.***

***¡Negro caravel maldito
que me firéu de dolor!
Tan bo camiño ti leves
como caravel levou.***